

ASOCIACION EDUCATIVA SAN NICOLAS

Rúa NUMANCIA 52 VIGO

36206 Vigo - Pontevedra

## RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA AXUDA PARA O FOMENTO DA GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DOS NENOS E NENAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DE TITULARIDADE PRIVADA

Entidad: ASOC. EDUCATIVA SAN NICOLAS  
Escola Infantil: ESCOLA INFANTIL SAN NICOLAS  
Expediente: BS420C-22-00078  
Procedemento BS420C

### ANTECEDENTES

1. A entidade ASOC. EDUCATIVA SAN NICOLAS solicitou a axuda económica para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 ao abeiro da ORDE do 20 de xuño de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2022/2023 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420C).
2. A Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación comprobou a presentación en tempo e forma da solicitude e o cumprimento de todos os requisitos necesarios para a súa concesión.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A entidade solicitante cumpre cos requisitos esixidos na devandita orde, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
2. Na tramitación observáronse os requisitos e prescricións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
3. O cálculo da axuda realízase conforme ao establecido no artigo 4 da citada orde e aos datos facilitados pola entidade.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude é o competente para resolver esta solicitude de acordo co artigo 11 da Orde reguladora desta subvención.

De acordo con todo o indicado RESOLVO:

1. A concesión dunha axuda por importe de 504.379,80 € para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 de titularidade privada desagregada da seguinte maneira:

A axuda correspondente a anualidade 2022, ascende a 182.260,80 €  
A axuda correspondente a anualidade 2023, ascende a 322.119,00 €.

2. Que é obrigatorio observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ademais especificamente o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 17 das bases reguladoras.

